

MARIE ANNE PAULZE LAVOISIER EN CATRO ACTOS

BERMEJO, MANUELO R.
GONZÁLEZ-NOYA, ANA M.
PINTOS BARRAL, XOANA

*Departamento de Química Inorgánica
Universidade de Santiago de Compostela*

LISTE, SOCORRO
I.E.S. Pontepedriña

Hai quen opina que nacemos para morrer; pero nós, que temos unha visión optimista e positiva do mundo e da vida, consideramos e defendemos que se nace para vivir, e a morte non é nada máis, pero tampouco nada menos, que un accidente que nos impide seguir vivindo.

A contribución das mulleres á creación científica ao longo da historia da Humanidade non parece importante se temos en conta o escaso número de veces que aparecen mencionadas nos libros de texto. O alumnado rara vez advertirá da existencia de mulleres que colaboraron nos avances das diversas ramas da ciencia ou que elaboraron leis ou teorías das matemáticas, da química, da física, da bioloxía ou da astronomía; personaxes como: Hipatia, Hildegard von Bingen, Caroline Herschel, María Cunitz, Mary Somerville, Mary Orr Evershed, Augusta Ada Byron, Mary Mitchell, Mary Wortley Montagu, Maria Agnesi, Sophie Germain, Sofya Kovalévskaya, María Goeppert Mayer, Rosalind Franklin, Lise Meitner, ...etc., son aínda hoxe descoñecidas polo noso alumnado. Incluso aquelas mulleres científicas que resultan ser as únicas coñecidas como Irène ou Marie Curie tampouco foron ben valoradas no seu tempo, se temos en conta que nunca conseguiron ser admitidas na Academia de Ciencias do seu país.

Para rescatar a estas e a outras moitas mulleres do silencio e o esquecemento e facelas visibles na sociedade actual debemos recuperar e sacar á luz as súas contribucións. Ás veces o silencio débese a aqueles mesmos cos que colaboraron ou aos que axudaron como científicas, tecnólogas ou divulgadoras. Este ben pode ser o caso da protagonista da nosa comunicación de hoxe, Marie Anne Paulze.

Esta comunicación ten como obxectivo un novo achegamento a unha muller, xa coñecida de nos, da Francia ilustrada do século XVIII, Marie-Anne Pierrette Paulze, que nos libros aparece, ás veces, como a esposa do célebre Antoine Lavoisier, e non como unha persoa con coñecementos científicos profundos, como esperamos amosar ao longo desta comunicación, e a quen se debería colocar, por dereito propio, na historia da ciencia.

O personaxe obxecto desta comunicación defínese pola acción conxunta da súa vida -o amor- e a Ciencia: Marie Anne dedicou a súa vida e os seus amores á ciencia, coma contrapartida, a ciencia fixo medrar nela os amores que constituíron e configuraron a súa vida, incrementando a súa personalidade o seu carácter, en suma, engrandecendo a súa vida.

Nesta comunicación queremos dar conta, dun xeito breve e esquemático, como foi a longa vida de Marie (78 anos). Iremos apuntando como esa longa vida a foi inmersendo na ciencia, conseguindo que fora e se comportara coma unha auténtica científica. Contaremos a súa vida en catro actos que a marcaron definitivamente coma unha personaxe na historia, pero no medio insertaremos unhas consideracións sobre a súa obra científica coma unha parte integral da súa vida. Os catro actos escollidos da súa vida son. A súa infancia; a súa vida plena, na que incorporaremos a súa vida científica; a vida no período do Terror, cando matan ao seu home; e unha vida para conservar, onde aparecerá a súa segunda voda co conde de Rumford.